

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 06 de xullo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día seis de xullo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(662).- ACTA ANTERIOR.

Apróbese a acta da sesión ordinaria e da sesión extraordinaria e urxente de data 15 de xuño de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(663).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA INSTITUCIÓN "HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES", PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE E O REPARTO DE ALIMENTOS A FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE. 2017-2018. EXPTE. 141901/301.

Visto o informe xurídico do 23/06/17 e o informe de fiscalización do 27/06/17, dáse conta do informe-proposta do 22/06/17, da xefa do servizo de Benestar Social,

conformado polo xefe de área, pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"I. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

A Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa institución "Hermanos Misioneros de los enfermos pobres", entidade colaboradora que presta un servizo inestimable a persoas sen fogar ofrecendo prazas temporais de Albergue e de longa estancia na súa Casa de acollida, cubrindo así en parte as carencias da estrutura municipal actual. Completa os seus servizos á comunidade cun programa de reparto de alimentos básicos a familias en situación de precariedade económica. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2017-2018.

Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2017 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 - "*Convenio Misioneros*" (57.060 €). A subvención prevista para o exercicio de 2018 (outros 57.060 €) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que "*non se entenderá como exercicio de novas competencias*", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa entidade “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” (exercicios de 2017 e 2018) para o sostemento do seu Albergue e a execución do programa de reparto de alimentos básicos.

II. Visto o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á institución “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” (CIF R-3600319B) por importe total de 114.120€, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 - *Convenio Misioneros*.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” (2017-2018) para o sostemento do seu Albergue e a execución dun programa de reparto de alimentos básicos a familias en situación de necesidade.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de 114.120€, con cargo á indicada aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 e autorizar, ó abeiro da Base nº 26 das de execución dos orzamentos para 2017, a modificación das porcentaxes de imputación presupostaria a teor do Art. 174.3 do TRLRFL, que quedará do seguinte xeito: 100% (57.060€) con cargo ó orzamento de 2017 e outro 100% (57.060€) ó de 2018, condicionado neste caso á existencia de crédito axeitado, suficiente e nominativo no orzamento dese próximo exercicio a favor de “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres”».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A INSTITUCIÓN “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES” PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE E O REPARTO DE ALIMENTOS A FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2017 – 2018)».

En Vigo, na Casa do Concello, o..... de..... de 2017

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Ramón Batlle Tomàs, con DNI nº 40.894.035-N, Comisario e Director do Centro, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Ramón Batlle Tomàs, actuando en representación da institución “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” (CIF R-3600319B), segundo así resulta da documentación do Arcebispado de Barcelona achegada ó expediente (Decreto do 06.04.2017), asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a institución “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” ten como obxectivo principal a atención e o coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa. Trátase dunha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de verdadeira necesidade e os seus centros asistenciais en Vigo constitúen uns valiosos recursos sociais dentro do conxunto do sistema de servizos sociais da cidade. En concreto, a institución dispón de dous centros autorizados pola Xunta de Galicia (Albergue e Casa de acollida) que cumpren cos requisitos da normativa vixente de autorización de centros e programas.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a estes recursos para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios dos

servizos sociais do Concello como, por exemplo, os do Albergue municipal – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

III.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2017, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da institución «Hermanos Misioneros de los enfermos pobres» para o sostemento do seu Albergue, situado na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade, así como para o reparto de alimentos entre as familias necesitadas, nas condicións que a seguir se especifican.

SEGUNDA.- “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social e, concretamente, a:

1º) Aceptar nos seus centros a homes e mulleres das características mencionadas e que asuman o cumprimento das normas de orde interno existentes, que lles sexan derivadas polo Departamento de Benestar social do Concello, sempre que a súa capacidade o permita.

2º) Proporcionar ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais, dentro das súas posibilidades e tanto nas prazas de Albergue para homes como para mulleres, as maiores facilidades posibles no referente ó cumprimento de horarios de entrada e saída, comidas, etc., cando así o precisen para a súa inserción laboral, realizar xestións ou outras actividades que supoñan inclusión social.

3º) Alojar en réxime de pensión completa a aqueles usuarios do CIIES que polas súas limitacións de mobilidade non poidan acceder ós pisos dispoñibles. Estas persoas serán atendidas nas instalacións dos “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” por persoal dos programas de CIIES.

4º) Contratar a un/unha traballador/a social como parte do persoal técnico que atenda ás persoas usuarias do Albergue para enfermos e persoas en situación de exclusión social severa.

5º) Continuar coa actividade de axuda social consistente na entrega no seus domicilios (agás excepcións xustificadas), dúas veces ó mes e a un máximo de 80 familias seleccionadas polas Unidades de Traballo Social da zona de influencia (Teis e arredores), duns paquetes de alimentos básicos que incluírán, como mínimo: froita, pan, legumes, arroz, pasta, conservas de

peixe, aceite, conservas vexetais, iogures, galletas, cacao e embutidos. Procurarase que a compra destes alimentos se realice en establecementos do propio barrio de Teis.

6ª) Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais participando na organización "REDESS"; en especial, incluíndo os datos da actividade na plataforma informática de "REDESS", administrada polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo.

7ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente a "Hermanos Misioneros de los enfermos pobres" unha subvención para o exercicio de 2017 por importe de 57.060€ para cofinanciar o custo da contratación dunha traballadora social para o Albergue "Nuestra Señora de la Salud" (que non terá relación laboral ningunha co Concello de Vigo) e os gastos de comedor do Albergue e para levar a cabo un programa de reparto de alimentos a familias en situación de necesidade.

No exercicio de 2018 concederáse a mesma cantidade (57.060€) sempre que se cumpran os obxectivos propostos e exista crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

CUARTA.- O gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – "*Convenio Misioneros*".

QUINTA.- Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de VIXENCIA do convenio (2017 – 2018), efectuaráanse do seguinte xeito:

–No ano 2017, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2018, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 15 de novembro de cada un dos dous exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá

comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social do Concello de Vigo e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes de «Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO PRIMEIRA.- «Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- «Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do 15 de novembro de cada un dos dous exercicios, a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

1. Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
3. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
4. Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
5. Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.
6. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do convenio (2017-2018).

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada

polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de dous anos (2017 e 2018).

Extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos.

De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente.

VIXÉSIMA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- «Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres» queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe."

3(664).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PARA A PLANIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 5949/241.

Dáse conta do informe-proposta do 27/06/17, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

"INSTRUCCIÓNS PARA A PLANIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN MUNICIPAL

Co obxecto de planificar adecuadamente a contratación municipal e melloralala, a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), require aos servizos e áreas municipais o cumprimento das seguintes instrucións:

1º.- Co obxecto da creación dun Rexistro de Contratos as áreas e servizos municipais deberán comunicar ao Servizo de Contratación:

- Unha relación dos contratos maiores en vigor, así como as datas de vencemento do prazo contractual e, no seu caso, das eventuais prórrogas.

2º.- Para os efectos de planificación, é preciso que as áreas e servizos municipais comuniquen ao Servizo de Contratación:

- Os contratos maiores que prevexan celebrar no segundo semestre do ano 2017 e no primeiro semestre do ano 2018.

3º.- Os servizos que desexen publicar no perfil do contratante anuncios relativos a contratos menores deberán ter en conta os seguintes requisitos:

- Deberán indicar a persoa/s do servizo responsable/s de gravar os datos relativos aos contratos menores no perfil, para os efectos de solicitar autorización ao Servizo de Administración electrónica para operar no aplicativo. Unha vez gravados os datos, o Servizo de Contratación comprobará que cumpre cos requisitos esixidos para a súa publicación e aprobará que se publiquen no perfil.
- Deberán designar un responsable do contrato.
- O prazo de presentación de proposicións concedido aos licitadores non será inferior a 5 días hábiles.

- Deberá anunciarse no perfil a adxudicación do contrato e identificarse ao adxudicatario.

4º.- Dos contratos que carecen de responsable do contrato, noméase responsable aos xefes da área ou, no seu defecto, do servizo xestor.

5º.- Dados os prazos legais necesarios para a tramitación dos distintos expedientes, é preciso enviar os contratos maiores ao Servizo de Contratación coa seguinte antelación:

- Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 12 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses

Para poder determinar se o contrato está suxeito a regulación harmonizada ou recurso especial, ou ben para determinar se procede a súa tramitación por procedemento aberto ou negociado, poderá consultarse na intranet, no apartado de contratación una nota que leva por rúbrica "procedementos".

6º.- As modificacións de contratos deberán ser informadas polo Servizo de Contratación, que deberá proceder, unha vez aprobadas polo órgano de contratación, á súa formalización e publicación.

7º.- Lémbrese aos responsables do contrato a obriga recollida na cláusula 1.3 dos pregos de cláusulas administrativas particulares de "Elaborar anualmente un informe sobre a execución do contrato ou un informe final á finalización do contrato, se fose de duración inferior ao ano, no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes. Deste informe darase conta ao órgano de contratación no prazo dun mes desde a súa elaboración".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a instrución contida no precedente informe.

4(665).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PRÉSTAMO TEMPORAL DA PEZA ARQUEOLÓXICA "BRAZO DE CRUZ". A D. ADOLFO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, CARA Á REALIZACIÓN DUNHA INVESTIGACIÓN NO CMAM DA UAM. EXPTE. 6054/337.

Dáse conta do informe-proposta do 30/06/17, do director do Museo, conformado polo xefe do servizo de Museos Municipais, polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Cultura:

"Con data 9 de xuño de 2017 recíbese no Museo municipal "Quiñones de León" escrito do doutor en Arqueoloxía pola Universidade de Vigo, investigador postdoutoral Marie Curie no Campus do mar e investigador do GEAT, D. Adolfo Fernández Fernández, no que solicita en préstamo temporal para investigación a peza arqueolóxica "Brazo de Cruz" do Areal (nº inv. 9424) procedente da escavación da rúa Rosalía de Castro (UARC II, Vigo).

O doutor Fernández, en colaboración coa doutora Dna. Alicia Perea, científica do CSIC e contrastada especialista neste tipo de pezas, están a realizar na actualidade un pormenorizado estudo científico deste fragmento de cruz. Un dos aspectos a investigar consiste en determinar a orixe do material, neste caso ouro, co que se realizou a peza e co obxectivo de coñecer a súa posible procedencia tanto do material como da única xema que conserva.

A similitude formal e técnica do fragmento desta cruz visigoda permite aos investigadores intuir que comparte procedencia co taller onde se fabricaron a meirande parte dos obxectos que compoñen o coñecido “Tesouro de Guarrazar”. Este conxunto visigodo foi estudado e analizado, entroutras técnicas, con haz de iones (PIXE e PIGE) mercede a varios proxectos de investigación e accións internacionais entre 1997 e 1999 (Perea 2001)

O obxectivo da análise para a que se solicita o préstamo temporal é comprobar se a composición dos materiais empregados na súa fabricación (aleación en base de ouro e pasta vítrea) coincide cos materiais caracterizados en Guarrazar, o que reforzaría a hipótese plantexada polos doutores. O resultado desta investigación aportará valiosísima información sobre esta singular peza arqueolóxica que forma parte da colección de arqueoloxía municipal de Vigo, que custodia o museo “Quiñones de León”, e que foi amosada por vez primeira con notable éxito na exposición recén rematada “EMPORIUM, mil anos de comercio en Vigo”

A peza arqueolóxica solicitada en préstamo para investigación é a que segue:

Denominación: Brazo de Cruz

Nº inv.: 9424

Datación: Finais S. VI - inicios S. VII d.C.

Materiais: Ouro e xema de vidro

Tamaño: 4 x 2 cm.

Procedencia: Escavación na rúa Rosalía de Castro (UARC II, Vigo)

Valor a efecto seguro: 20.000 euros

Achego ao escrito inclúese o relatorio de condicións técnicas e de seguridade do Centro de microanálise de materiais (CMAM) da Universidade Autónoma de Madrid, que conta cun acelerador de iones Tandem Cockcroft Walton, onde se realizarán as probas. Ningunha das técnicas analíticas propostas requiren tratamento previo da peza e a irradiación á que se someterá para a obtención das composicións químicas son completamente non destructivas.

Estudadas as condicións climáticas e de seguridade do espazo onde se realizarán as análises, enténdese que éstas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese da investigación proposta sobre unha peza arqueolóxica da colección de arqueoloxía do Museo municipal “Quiñones de León”, que aportará información moi valiosa para un mellor coñecemento e divulgación da mesma, a dirección deste museo propón á **Xunta de Goberno Local**:

1.- “Autorizar o préstamo temporal da seguinte peza arqueolóxica:

Denominación: Brazo de Cruz

Nº inv.: 9424

Datación: Finais S. VI - inicios S. VII d.C.

Materiais: Ouro e xema de vidro

Tamaño: 4 x 2 cm.

Procedencia: Escavación na rúa Rosalía de Castro (UARC II, Vigo)

Valor a efecto seguro: 20.000 euros

ao doutor en Arqueoloxía pola Universidade de Vigo, investigador postdoutoral Marie Curie no Campus do mar e investigador do GEAAT, D. Adolfo Fernández Fernández, para a realización dunha investigación no CMAM da Universidade Autónoma de Madrid, entre os días 12 e 17 de xullo de 2017”

2.- “En todo caso, o préstamo queda condicionado á resolución favorable da saída da peza por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que se atopa en tramitación, segundo consta no expediente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(666).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO "C" PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AQS DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 1145/611.

Visto o informe xurídico do 12/06/17 e o informe de fiscalización do 27/06/17, dáse conta do informe-proposta do 26/06/17, do director técnico do Servizo Municipal dos Deportes, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"I.- ANTECEDENTES.

Con data 7 de abril de 2017, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para a contratación de "SUBMINISTRO DE GASOLEO TIPO "C" PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES".

No expediente inclúense os seguintes documentos

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Director Técnico do servizo de deportes o 5 de abril de 2017.
- Resolución do concelleiro delegado de deportes do 7 de abril de 2017 para o inicio do procedemento de contratación.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo Director Técnico de deportes e polo Concelleiro de deportes o 1 de xuño de 2017.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director Técnico de deportes o 9 de maio de 2017.
- Informe asinado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación xefa do Servizo de Contratación o 5 de xuño de 2017 sobre comprobación dos documentos exixidos pola normativa para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas asinado o 5 de xuño de 2017 pola Técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación.
- Informe favorable da titular de asesoría xurídica de data 12 de xuño de 2017.

II.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.

1º.- Obxecto e natureza do contrato:

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato. O obxecto deste expediente de contratación e regular o desenvolvemento do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción AQS de diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de deportes segundo a relación de instalacións seguintes e consumos estimados.

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de subministros, previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

De acordo co artigo 15 do TRLCSP, o presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada.

2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

De acordo co estipulado no artigo 15 do TRLCSP, o presente contrato non está suxeito á regulación harmonizada.

3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, a determinación do orzamento base de licitación deste contrato establece en base os seguintes aspectos:

CANTIDADE ANUAL ESTIMADA DE CONSUMO COMBUSTIBLE NAS INSTALACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO.

INSTALACIÓN	PREVISIÓN CONSUMO LITROS/ANO GASOLEO "C".
Instalacións Balaídos	18.500
Complexo travesas	31.250
Complexo de Samil	12.300
Pavillón Teís	3.400
Pavillón Bouzas	4.300
Pavillón Bembrive	2.000
Pavillón Castrelos	2.200
Pavillón Carballal	2.200
total litros	76.150

Para a aproximación á cifra correspondente o importe de orzamento, tómase como base os prezos establecidos no GEOPORTAL WEB do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo os seguintes aspectos:

Coa publicación da Oden Ministerial 03/08/2000, sobre a comunicación dos prezos de carburantes en estacións de servizo, existe un entorno oficial web, no cal se mostran en tempo real os prezos dos carburantes. Na actualidade a través do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, no GEOPORTAL WEB "<http://geoportal.mityc.es/hidrocarburos/eess/>", mostrase os prezos de venda o público das estacións de servizo de subministro de combustible. Dende xuño de 2006, proporciónanse informes mensuais coa referencia dos prezos medios de todas as provincias. Polo cal considerase a referencia adecuada para o establecemento do valor medio do prezo unitario €/litro para cada un dos combustibles obxecto deste contrato en base os seguintes prezos, obtidos a data de 08 de maio de 2017, calculando a media das EESS ubicadas na provincia de Pontevedra.

Provincia	Localidad	Dirección	Margen	Fecha	Precio	Rótulo	Venta	Remisión	Horario
PONTEVEDRA	ATIOS	CARRETERA ATIOS KM. 555	D	08/05/2017	0.876	REPSOL	P	OM	L-D: 24H
PONTEVEDRA	VIGO	CL TRAVESIA DE VIGO, 233	I	06/05/2017	0.99	REPSOL	P	dm	L-D: 24H

Gasóleo C: 0,933 euros/litro media

Estimación de gasto: 76.150 litros x 0.933 €/litro con iva = 71.407,75 €.

Para a determinación do prezo unitario que servirá como base para o subministro do gasóleo “C”, obxecto deste contrato, se determinará pola aplicación lineal do porcentaxe de desconto ofertado polo licitador adxudicatario para o tipo de combustible; Gasóleo “C, en relación ao prezo publicado no GEOPORTAL WEB “<http://geoportal.mityc.es/hidrocarburos/eess/>, do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para o citado combustible. Para a aplicación dos prezos bases publicados no GEOPORTAL se atenderá o seguinte criterio:

a.-Subministro de combustibles nos depósitos específicos das instalacións deportivas referidas no PPTP; será de aplicación a media dos prezos de todas as estacións de servizo ubicadas na Provincia de Pontevedra no GEOPORTAL WEB do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o día do subministro. O prezo de referencia terá para a súa aplicación tres decimais, na facturación redondearase a dous decimais.

O orzamento base de licitación e segundo os datos anteriores a estimación para un período de 12 meses establécese nun redondeo do importe, en 71.409,95,00 €, con iva sendo o iva 12.393,46 € polo cal o orzamento base de licitación do contrato por ano é de 59.016,49 € sen iva. Establecéndose, para un período de 36 meses, un importe máximo de 177.049,47 €. sen iva e con IVE ao tipo actual do 21% de 37.180,39 €, o que supón un presuposto base de licitación de 214.229,86 € (para os tres anos de duración prevista do contrato).

O valor estimado do contrato incluído a modificación ata un 20%, establécese nun importe 212.459,36 € para un período de 36 meses (tres anos).

4.- Financiamento do contrato:

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, incluídos na aplicación orzamentaria 3420 2210300 “ combustibles. Estímase que o contrato poderá entrar en vigor a partir do 9 de decembro de 2017 distribuíndose segundo a táboa adxunta, sempre tendo en conta a data da firma do contrato.

Anualidades	Prezo sen iva	Total con IVE	IVE	%
2017 (decembro)	4.918,04 €	5.950,83 €	1.032,83 €	3%
2018 (xaneiro-dicembro)	59.016,49 €	71.409,96 €	12.393,46 €	33%
2019 (xaneiro-dicembro)	59.016,49 €	71.409,96 €	12.393,46 €	33%
2020 (xaneiro-novembro)	54.098,45 €	65.459,13 €	11.360,67 €	31%
total	177.049,47€	214.229,86 €	37.180,39 €	100%
Modificacións ata un 20% Valor estimado do contrato	212.459,36 €			

5º.- Revisión de prezos.

Non procede.

6º.- Xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2017 dentro do programa orzamentario "3420". Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

7.- Clasificación dos licitadores

Non se exise.

8º.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

En canto á solvencia económica, financeira e técnica, debemos atender o disposto nos artigos 75 e 77 do TRLCSP, polo cal dita solvencia deberá ser exixida en relación os seguintes aspectos:

Solvencia económica e financeira:

Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato, referidos a negocios que se atopen vinculados co ámbito ao que se refire o negocio, polo cal os mesmos deberán ter unha referencia directa cos subministros do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

Relación dos principais subministros efectuados durante os cinco últimos anos, indicando importe, datas e destinatario público o privado dos mesmos. Os subministros efectuados acreditaránse mediante certificados expedidos o visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa una entidade do sector público o cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por éste o, a falta de este certificado, mediante una declaración do empresario.

9º.- Criterios de valoración e xustificación:

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adjudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 150.3 f) do TRLCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación os aspectos que deben de identificar os criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considerase oportuno estipular unicamente criterios de valoración mediante fórmula, os cales están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivas, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas en relación a maior baixa porcentual que será aplicado ó prezo medio, do subministro de Gasóleo "C", publicado no GEOPORTAL. En caso de empate entre as ofertas decidírase por sorteo entre os licitadores.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa economicamente, se procederá a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios de maior baixa porcentual.

A.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

Non se aplican.

B.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

b.1.- A maior porcentaxe de desconto a aplicar ós prezos do gasóleo " C "se valorará con ata 100 puntos

Para a valoración deste apartado soamente terase en conta o porcentaxe de baixa ofertado con dous decimais e será de aplicación a seguinte fórmula.

Porcentaxe de baixa ofertado para o gasóleo "C":

$$P=(Bof *(1*Pmx))/Bof_max$$

Onde:

P: puntuación a obter para o porcentaxe de baixa sobre a gasóleo "C".

Bof: Valor do porcentaxe de Baixa ofertada a considerar.

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Bof_max: Valor máximo do porcentaxe de baixa ofertada.

10.- Garantía complementaria:

Non se aplica.

11º.- Subcontratación.

Se autoriza nos términos e contías previstas no artigo 227 do TRLCSP.

12.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

Non se considerarán ofertas anormais ou desproporcionadas.

13.-Prescripcións técnicas particulares:

O Prego de prescripción tecinas, se anexa a este expediente e atopase redactado en base as peculiaridades do subministro.

14.- Lotes.

O contrato non se divide en lotes. O subministro ós centros non resultaría operativo e eficiente para organización do servizo.

II.-ASPECTOS NECESARIOS PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES:

1.- Prazo de execución:

O contrato tera unha vixencia de tres anos a partir da firma do contrato. O prazo de entrega para subministración e a partir do día seguinte a firma do contrato.

2.- Prórrogas.

Non se contemplan prórrogas.

3.- Medios persoais e materiais:

E responsabilidade da empresa adxudicataria poñer todos o medios persoais e materiais para o desenvolvemento do contrato.

4.- Modificación do contrato:

Dado que o prezo dos combustibles teñen a condición de ter un prezo con variacións moi importantes ao longo do tempo, considerase necesario establecer un procedemento para posibilitar a modificación do contrato en relación os seguintes aspectos:

- Cando o incremento dos prezos unitarios dos combustibles, sobre os prezos base utilizados neste prego para os cálculos, teñan unha incidencia negativa no obxecto do contrato reducindo a capacidade de subministro das unidades (litros de combustible/ano) nun porcentaxe igual ou superior a un 10 %.
- Cando o incremento das unidades de consumo (litros) provocadas por un incremento das necesidades obrigatorias dos usos das instalacións deportivas dependentes do servizo de deportes, ou o incremento dos mesmos, provoquen un incremento de litros/ano dun 10 %.
- Tendo en conta os dous aspectos anteriores o contrato podería modificarse ata un máximo do 20% do importe do contrato. Sendo o aspecto a modificar o prezo de contrato.

5.- Responsable do Contrato:

O responsable do contrato será o Director Técnico do Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

6.- Seguro:

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura ós subministros obxecto do contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

Nesta póliza deberán cubrirse os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución dos traballos e actividades obxecto do presente contrato.

7.- Garantía.

O Prazo de garantía no que os subministros poderán ser rechazado por non axustarse a calidade mínima exixida será de 6 meses contados a partir da data do subministro.

8.- Facturación:

O importe do prezo satisfarásele ó contratista unha vez realizado o subministro solicitados.

Na factura achegara a descrición dos subministros realizados: litros, prezo real e prezo de desconto e instalación.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

-UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
-OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
-ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

III.- PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse informe favorable de fiscalización da Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da "SUBMINISTRO DE GASOLEO TIPO "C" PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES"

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a asinado polo Director Técnico "SUBMINISTRO DE GASOLEO TIPO "C" PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES" de data 9 de MAIO de 2017.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 5 de XUÑO de 2017.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 214.229,86 € con IVE, sendo o importe correspondente o iva (21%) de 37.180,39 €, con cargo a partida orzamentaria 3420.2210300 Gasoil. O gasto distribuírase nas seguintes anualidades ano 2017, 5.950,83 euros, ano 2018, 71.409,96 euros, ano 2019, 71.409,96 euros e ano 2020, 65.459,13 euros.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(667).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE. EXPTE. 7788/224.

Dáse conta do informe-proposta, do 03/07/17, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área e polo secretario de Admon. Municipal:

"A Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 16 de xuño de 2017, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG núm. 119 do 23 de xuño de 2017).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación socio laboral ás mulleres, e en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade a convocatoria establece os seguintes programas:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar*
- b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero*
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres.*

Atendendo ás bases da convocatoria, cada entidade só poderá presentar unha solicitude de axuda para cada un dos programas previstos na resolución.

O Concello de Vigo, a través da concellería de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar al prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres. Este traballo materializouse en documentos técnicos elaborados para planificar e executar accións encamiñadas a conseguir este fin. Así, o Concello de Vigo xa ten executado catro planes municipais de igualdade e dous planos de actuación para combater a violencia contra as mulleres. Actualmente, o Concello de Vigo mantén vixente o "IV plan integral de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" por acordo da Corporación Municipal da sesión plenaria do 25/01/2013; este documento de traballo permite mellorar as políticas e as intervencións a prol da igualdade entre mulleres e homes no Concello de Vigo.

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora convinte presentar á devandita convocatoria os programas que de seguido se din:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar*
.- "Servizo Municipal de atención domiciliar á infancia" . Orzamento máximo segundo as bases da convocatoria: 56.000,00 € . Axuda solicitada:12.000,00 €

b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero

.- "Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero" Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 11.050,00€. Axuda solicitada: 10.000,00 €

c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres.

.- "Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller" . Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 48.123,00 €. Axuda solicitada : 45.000,00 €.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 67.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 (DOG num. 119 do 23 de xuño de 2017), distribuída do seguinte xeito:

- Servizo Municipal de atención domiciliaria á infancia . Orzamento máximo segundo as bases da convocatoria: 56.000,00 € . Axuda solicitada: 12.000,00 €
- Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero". Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 11.050,00€. Axuda solicitada: 10.000,00 €
- Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller. Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 48.123,00€. Axuda solicitada : 45.000,00 €.

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do servizo municipal de igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(668).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESOS E ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS OFICINAS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3680/321.

Visto o informe xurídico do 20/06/17 e o informe de fiscalización do 28/06/17, dáse conta do informe-proposta do 20/06/17, do xefe do servizo, conformado polo

concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"ANTECEDENTES"

Con data 5 de xullo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a Manpowergroup Solutions SLU (B60602489) o contrato do servizo de portería, control de accesos e información ao público nos centros cívicos municipais (expte. 2716-321), hoxe denominados Oficinas Municipais de Distrito.

Segundo a Cláusula 4ª do contrato o prazo do contrato será de catro anos. A execución do contrato iniciouse con data 1/08/2013, polo que, o prazo remata o 31/07/2017.

Con data 25/04/2017 o concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, a proposta do xefe do servizo de Participación Cidadá resolveu iniciar a tramitación do expediente de prórroga do contrato maior do servizo de PORTERÍA, CONTROL DE ACCESOS E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NAS OFICINAS MUNICIPAIS DE DISTRITO

O presente informe se emite co obxecto de proceder á corrección dos erros detectados no Informe Proposta de data 03/05/2017, mediante a especificación da causa xustificativa da prórroga e a corrección da data de fin da prórroga consignada no punto primeiro do acordo, de xeito que, onde di "31/07/2017" debe dicir "31/07/2018".

Ademais, achégase escrito da adxudicataria do contrato, presentado con data 09/06/2017 e documento núm. 170083446 no que fai constar a súa conformidade coa prórroga do contrato polo período dun ano e segundo ás condicións establecidas nos pregos do concurso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 23 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, sinala, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en diante) do contrato dispón, na cláusula 4ª, que o prazo do contrato será de catro anos. Deste xeito, a execución iniciouse con data 1/08/2013, polo que, o prazo remata o vindeiro 31/07/2017.

Así mesmo, a Cláusula 7ª do PAC establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas de Características do Contrato (FEC), sempre que, medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o

contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

En relación co anterior, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Na actualidade os servizos de portería, control de accesos e información ao público nas Oficinas Municipais de Distrito, se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas, en canto a: apertura e peche das instalacións e permanencia nas instalacións durante o horario establecido, atención ao público e entidades sen ánimo de lucro de forma presencial, telefónica e telemática, axudando aos usuarios a localizar e utilizar convenientemente as instalacións e informando dos servizos que se desenvolven nas mesmas, horarios, dirección, normativa do centro, Vixilancia e control de accesos a instalacións municipais e, no caso de ser preciso, procederase á identificación persoal do visitante, Actualización do taboleiro de anuncios, Elaboración parte de incidencias, coidado do perfecto estado do material e ferramentas para realizar as súas funcións, e rexistro do persoal de mantemento, reparacións e provedores que accedan á instalación.

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato consistente en incrementar sen custe para o Concello o número mínimo de horas de prestación do servizo fixado na cláusula 2 do prego de prescricións técnicas (7.750 hora anuais) en 1.482,50 horas/anuais

Polo tanto e polo que respecta á xustificación da prórroga, o técnico que subscribe informa que a prestación do servizo vense realizando de maneira satisfactoria, polo cal, non existe inconveniente en tramitar a prórroga á empresa adxudicataria do contrato do servizo de portería, control de accesos e atención ao público nas oficinas municipais de distrito.

Así mesmo, o prezo da prórroga é favorable aos intereses do Concello por axustarse a prezos de mercado.

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 31/07/2017, polo que, debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de portería, control de accesos e información ao público nas Oficinas Municipais de Distrito,

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

Por último, se incorpora ao expediente o escrito da adxudicataria do contrato, presentado con data 09/06/2017 e documento núm. 170083446 no que fai constar a súa conformidade coa prórroga do contrato polo período dun ano e segundo ás condicións establecidas no prego do concurso."

Á vista do exposto anteriormente e conforme ao establecido nos artigos 23 e 303 Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 01/08/2017 ó 31/07/2018, do contrato para a prestación dos servizos de "portería, control de accesos e información ao público nas Oficinas Municipais de Distrito", dependentes da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, do que é actual adxudicataria, Manpowergroup Solutions SLU (B60602489) por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xullo de 2013.

O importe da prórroga será de 147.778,81 euros, dos que 61.574,50 € corresponden ao orzamento de 2017 e 86.204,31 € ao orzamento de 2018, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 9240 2279904 "Atención ao público en oficinas descentralizadas", manténdose, no período de prórroga, a mellora ofertada no contrato consistente en incrementar sen custe para o Concello o número mínimo de horas de prestación do servizo fixado na cláusula 2 do prego de prescricións técnicas (7.750 hora anuais) en 1.482,50 horas/anuais

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(669).- APROBACIÓN INICIAL DO PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA PARCELA MUNICIPAL SITA EN PI I MARGALL Nº 60, PARA USO PRIVATIVO POLO COLEXIO MARÍA IMACULADA-CARMELITAS. EXPTE. 2591/244.

Visto o informe de fiscalización do 26/06/17, dáse conta do informe-proposta do 14/06/17, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro-delegado de Patrimonio:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público. (TRLCSP)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Por escrito de data 9/12/2016 do Colexio María Inmaculada pertencente a Congregación de las HH Carmelitas de la Caridad (R3600124F), solicítase autorización para a ocupación parcial da parcela municipal colindante coa súa propiedade sita no nº 58 da Rúa Pi y Margall co fin de poder executar un muro de contención como reforzo dun de mampostería existente, que soporta parte do Colexio.

SEGUNDO.- O Servizo de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo, achegou o pasado 20/04/2017 o expediente 90467-421 de licenzas polo que tramitase a solicitude de licenza para a construción do muro de contención polo Colexio María Inmaculada interesando informe ó plantexar o proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Candido Lopez Calvar, a ocupación da parcela municipal cedida como zona verde.

TERCEIRO.- Na tramitación do expediente foron emitidos os seguintes informes:

- Informe do Enxeñeiro de edificación da concellería de Fomento en datas 1/02/2017 e 10/05/2017.
- Polo Topógrafo municipal da XMU en data 21/04/2017.
- Polo Enxeñeiro de edificación municipal da oficina técnica de licenzas en data 19/04/2017 (exp. 90467/421).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O Concello de Vigo é titular da parcela sita no nº 60 da Rúa Pi y Margall nesta cidade de Vigo, co nº provisional 911 de propiedade no epígrafe I do IMBD, de natureza xurídica demanial afecto ó uso publico (zona verde).

Na súa condición de ben demanial, ríxese polas leis e disposicións especiais que lle sexan de aplicación e, a falta de normas especiais, pola propia lei de Patrimonio das AAPP e disposicións que a desenvolvan ou complementen (art.5.4 LPAP).

Segundo.- A ocupación polo Colexio María Inmaculada dunha parte da parcela municipal, require a obtención previa, da correspondente autorización ou concesión administrativa para o aproveitamento e uso privativo dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP, e que rexirase pola lexislación especial reguladora daquelas e, a falta de normas especiais ou no caso de insuficiencia destas, polas disposicións desta lei(art. 84 LPAAPP).

Terceiro.- En canto o procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa como título habilitante para o uso privativo de dominio público, cabe sinalar que a lei de Patrimonio das Administracións Públicas no seu artigo 93.1 dispoñe

que o “Outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia. Non obstante , podera acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos estabelecidos nas leis”.

O art. 137,4 da LPAP así mesmo sinala que poderase acordar a adxudicación directa nos seguintes supostos: b) Cando o adquirente sexa unha entidade sin ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, o unha igrexa, confesión ou comunidade relixiosa legalmente recoñecida. (...) e) Cando se trate de solares que pola súa forma ou pequena extensión resulten inedificables e a venda se realice a un propietario colindante.

Cuarto.- A teor do exposto, no presente caso debe terse en conta a concorrencia de determinadas circunstancias que xustificarian a conveniencia de acceder ao solicitado pola interesada e, en consecuencia, o otorgamento da correspondente autorización para a ocupación da parcela municipal coa finalidade da construción do muro de contención.

Neste senso, por unha banda sinalar que trátase dunha parcela (a da solicitante) adicada ao servizo educativo como Colexio de Ensinanza e pertencente a unha Comunidade Relixiosa (Congregación de las HH Carmelitas de la Caridad). Por outra, a ocupación da parcela municipal coa construción dun muro de contención de terras e como base de apoio ó Colexio María Inmaculada ao longo de toda a fachada traseira do edificio nº 60 da Rúa Pi y Margall, é unha solución técnica plantexada pola propiedade e que os servizos municipais estiman favorablemente.

Así, o enxeñeiro de edificación no seu informe do 1/02/2017 fai constar que: *Con data de decembro de 2016, xirouse visita de inspección o lugar indicado, que corresponde coa zona posterior do nº 41 da rua Conde de Torrecedeira. Pudese apreciar o mal estado no que se atopa, un muro de contención que linda entre a parcela de titularidade pública, parcela 911,*

Segundo a documentación técnica obrante no expediente en cuestión así como a solicitude de licenza para construción do mencionado muro, tramitandose baixo expediente 90467/421 por motivos de manter a edificacións existentes no terreo e cota da parcela da súa propiedade, pretendese a construción de un muro de contención apegado a o existente da súa titularidade, dito muro de contención, efectuase nunha lonxitude de 12,51 mts. Un espesor aprox. De 0,30 ms. y altura media aprox de 3,90 mts. Ata 6,00 mts, para a realización de dito muro tecnicamente e necesario a construción de unha zapata de soporte que ocuparía tamen unha lonxitude de 12,51 mts. E unha profundidade de 2,30 mts. (...).

No aspecto técnico, tendo en conta as condicións existentes, entendo que a proposta técnica de ocupación de espazo público esta axeitada as boas normas constructivas, xa que o posible desmontaxe do muro existente e a nova construción no sitio actual, podería ocasionar grandes asentamentos sobre os edificación de alturas existentes no entorno. Considerando dita proposta como axeitada as necesidades actuais de reforzo. Si ben caso de efectuar nova edificación na totalidade da parcela deberase de preveer a posible demolición deste muro e a liberación de dito espazo público.

Igualmente, o enxeñeiro da oficina técnica de licenzas informou que: *A la vista de los documentos aportados, por parte de esta Oficina Técnica no existe inconveniente en acceder a lo solicitado: construción de un muro de contención de hormigón armado situado en una parcela ubicada en el patio interior entre los edificios PI Y MARGALL (RU) Nº 60 y CONDE DE TORRECEDEIRA Nº39, en una parcela cedida como zona verde (número de referencia 911).*

El muro de contención solicitado se realiza como refuerzo de un muro de mampostería existente que soporta parte del Colegio María Inmaculada H.H. Carmelitas, que amenaza

peligro de derrumbe, de manera que se propone su refuerzo mediante la construcción de un muro de contención adosado al existente, de acuerdo al proyecto redactado por el arquitecto técnico D. Candido López Calvar, de octubre de 2016, con un presupuesto de ejecución material de 6.894,33 euros.(...)

Finalmente reseñar que a superficie ocupada sería de 28,77 m², segundo resulta dos informes técnicos.

Quinto.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, elaborouse pola Xefatura de Patrimonio o correspondente prego de condicións administrativas particulares que rexirán a concesión administrativa para a ocupación privativa do dominio público municipal, contendo no seu clausulado as condicións e requisitos esixidos regulamentariamente, entre outras as dispostas no art. 80 do RBEL.

Do seu clausulado podese salientar: que a concesión outorgase por un prazo de cincuenta (50) anos, ampliabel até un prazo máximo de setenta e cinco (75) anos, a petición do interesado, cunha antelación de seis meses á expiración do primeiro prazo, sendo facultativo o seu outorgamento pola Corporación Municipal, de existir razóns que o xustificasen debidamente; que a cesión dos dereitos concesionais restrínxese ó suposto de transmisión da propiedade colindante; a facultade da administración de acordar o rescate da concesión por circunstancias sobrevidas de interese público, esixencias do planeamento ou resultar edificable a parcela municipal; ou o canon a satisfacer polo concesionario (art. 93.4 da LPAP) que fixase (informe do enxeñeiro de edificación de data 10/05/2017) en 138,70 euros, revisábel e actualizábel anualmente na mesma variación que experimente o índice xeral de prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC).

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- “Aprobar inicialmente o prego de condicións administrativas (ANEXO) que rexirán a concesión administrativa para o uso privativo, polo Colexio María Inmaculada (R3600124F), da parcela municipal sita no nº 60 da Rúa Pi y Margall nesta cidade de Vigo (Propiedade nº 911 provisional do IMBD).”

2º.- “Someter a información pública polo prazo e procedemento regulamentario o prego de condicións administrativas aprobados”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN NA PARCELA MUNICIPAL Nº PROPIEDAD E 911 DO IMBD.

CLÁUSULA I.- OBXECTO.

1. O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares da concesión administrativa para a construción dun muro de contención na parcela municipal nº 911 do IMBD, na súa colindancia co inmovible sito nº 58 da rua Pi y Margall (Colexio M^a Inmaculada), desta cidade de Vigo, reflectido no plano escala 1/125 de outubro 2016 do arquitecto técnico Candido Lopez Calvar, obrante no expediente 2591/244.
2. A superficie da parcela municipal obxecto de ocupación é de 28,77 m², correspondéndose 25,02 m² a ocupación en subsolo e de 3,75 m² ocupación en chan, segundo informe de data 21/04/2017 do Enxeñeiro T. Topógrafo municipal.
3. De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor do Colexio María Inmaculada (CIF R3600124F).

CLÁUSULA II.- PROXECTO DE OBRAS.

1. As obras de construción do muro de contención realizaranse con arranxo ó proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Candido Lopez Calvar e presentado polo Colexio María Inmaculada H.H. Carmelitas na Xerencia Municipal de Urbanismo(expediente. 90467/421).
2. O concesionario dará comezo ás obras dentro do prazo e nas condicións que se especifiquen na referida licenza municipal de obras, debendo quedar totalmente executadas nun prazo de catro meses.
3. As obras executaranse a risco e responsabilidade exclusiva do concesionario, quen deberá de comunicar por escrito e coa antelación suficiente á administración municipal a data do seu inicio e da identidade do técnico director competente das mesmas.
4. Rematadas as obras de construción, o concesionario solicitará por escrito do Excmo. Concello de Vigo o recoñecemento das mesmas, que se practicará coa asistencia do enxeñeiro municipal encargado e do interesado e o seu técnico, levantándose a correspondente Acta.

CLÁUSULA III.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá o uso privativo do subsolo e chan do dominio público de titularidade municipal nunha superficie de 28,77 m², mediante a construción dun muro de contención.

CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

- A concesión outórgase por un prazo de cincuenta (50) anos, ampliábel até un prazo máximo de setenta e cinco (75) anos, a petición do interesado, cunha antelación de seis meses á expiración do primeiro prazo, sendo facultativo o seu outorgamento pola Corporación Municipal, de existir razóns que o xustificasen debidamente.
- O cómputo do prazo iniciarase ó día seguinte á data no que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.

CLÁUSULA V.- GARANTÍAS.

A garantía definitiva será dun 3% do valor do dominio público ocupado (2.774,00 €) e do orzamento de execución das obras (9.927,14 €), debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local da adxudicación da concesión administrativa.

CLÁUSULA VI.- CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN.

1.- Autorízase a cesión dos dereitos concesionais unicamente no suposto da transmisión da propiedade da parcela colindante (nº 58 da rua Pi y Margall), destinataria da construción do muro de contención para cuio fin otorgouse a concesión, e vencellado coa mesma.

2.- A transmisión da concesión requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Comunicación previa a Administración municipal e toma de razón pola da Xunta de Goberno Local con carácter previo á cesión.
- b) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa administración de conformidade co previsto na normativa vixente e reúna as condicións e requisitos e preste as garantías esixidas ó cedente.
- e) Que a cesión se formalice en escritura pública, debendo conter obrigatoriamente unha cláusula na que se estableza que o concesionario coñece a concesión administrativa otorgada e acepta íntegramente o prego de condicións administrativas polas que se rixe.

3.- A transmisión da concesión será total, producíndose a subrogación do cesionario na totalidade dos dereitos e obrigas do cedente.

4.- A cesión dos dereitos da concesión obriga a que o cesionario constitúa fianza definitiva en substitución da depositada polo concesionario cedente.

CLÁUSULA VII.- CANON DA CONCESIÓN.

- 1.- O concesionario aboará un canon anual de 138,70 euros, revisábel e actualizábel anualmente na mesma variación que experimente o índice xeral de prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no ano natural anterior.

- 2.- O canon devengarase dende a data seguinte á da formalización da concesión, e ingresarase na Tesourería municipal mediante procedemento de autoliquidación dentro dos 30 días seguintes á dita data, e periodicamente no mesmo prazo, sen necesidade de liquidación pola Administración de Tributos nin requirimento para o pagamento.

CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do proxecto de obras e prego de condicións, dos gastos rexistrais, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

CLÁUSULA IX- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓN.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Proxecto de Obras e o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñerase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

- a) O Concesionario destinará ós terreos de dominio público obxecto de concesión á construción dun muro de contención, conforme ó proxecto presentado e o disposto no presente prego de condicións sen outras modificacións que as que autorice a Administración Municipal, e con exclusión de calquera outro uso ou destino.
- b) Asumir a financiación da totalidade das obras, e no seu caso, das modificacións que se poidesen introducir no proxecto ou durante a vixencia da concesión.
- c) Manter en perfecto estado de conservación, limpeza e ornato, o muro e terreos afectos, coidando todo co máximo decoro e estética, efectuando as reparacións ordinarias e extraordinarias que fosen precisas ó efecto, cumprindo estritamente as disposicións de carácter xeral e instrucións que dicte a autoridade competente.
- d) Non allear nin gravar ningún tipo de bens afectos á concesión que houbesen de revertir ó Concello agás coa autorización expresa do Concello.
- e) Satisfacer os tributos legalmente establecidos e aboar os gastos por mantemento da edificación.
- f) Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros salvo nas condicións establecidas no presente prego.
- g) Cumprir as demais obrigas, ó seu cargo, previstas neste prego, que resulten de aplicación.

- h) Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou a propia administración municipal polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión dous traballos obxecto de construción do muro e dos derivados do uso privativo do dominio público durante todo o periodo concesional.
- i) No suposto da destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas, sempre que se deba a caso fortuito ou forza maior, o concesionario poderá optar entre a extinción da concesión sen indemnización ningunha, ou a reconstrución das obras na forma e prazo que lle sinala a Corporación Municipal, sen que se altere o prazo concesional primeiramente sinalado. Se a destrución ocorrese por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que de el dependan, a opción anteriormente establecida corresponderá á Corporación Municipal, a que poderá, en todo caso, obrigar ó concesionario á reconstrución das obras, sen prexuízo das demais responsabilidades que lle foran esixíbeis.
- k) A cumprir as disposicións vixentes, ou que no sucesivo se dicten, que afecten ó dominio público concedido e ás obras .
- l) Concertar póliza de responsabilidade civil que asegure o inmóbel e instalacións da concesión cunha compañía aseguradora legalmente constituída, durante a vixencia da concesión e polo valor alomenos do importe estimado para o cálculo da garantía definitiva.

CLÁUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE.

- a) Permitir a ocupación do dominio público e outorgar a protección adecuada que resulte indispensable para a construción do muro e utilización do dominio público obxecto da concesión.
- b) Inspeccionar as obras e instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ó persoal municipal para que o verifique.

A Corporación Municipal a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación do muro e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle sinala. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionase pola comisión dunha falta leve coa imposición de multa en grado máximo, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do novo prazo sinalado, sancionase como infracción grave coa imposición dunha multa en grado máximo. Se, non obstante a segunda sanción económica, o concesionario non executase as reparacións, procederase a execución forzosa do ordeado por medio da execución subsidiaria ou imposición de multas coercitivas previstas na Lei 33/2003 do Patrimonio das AAPP.

- c) Sancionar ó concesionario pola comisión de infraccións, conforme ó previsto e tipificado no presente prego.
- d) A de interpreta-lo contrato, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los seus efectos.

- e) Calquera outra facultade prevista neste prego ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria.

CLÁUSULA XII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

A).- INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

a) Faltas leves:

- 1) A mera desobediencia non reiterada a calquera orde da Administración que implique mera negligencia.
- 2) As deficiencias na execución das obras que non supoñan incumprimento substancial.
- 3) O retraso non superior a 15 días no inicio das obras ou no prazo máximo de execución.

b) Faltas graves:

- 1) A reiteración de calquera das infraccións ou faltas consideradas como leves, sempre que sexan firmes en vía administrativa.
- 2) O incumprimento de calquera das obrigas do concesionario que revistan carácter esencial e non se cualifiquen de leves nin dean lugar á caducidade da concesión.
- 3) O incumprimento de obrigas que perturben a execución das obras, incluídas as ordes de modificación.
- 4) Desobediencia reiterada do concesionario ás disposicións ou resolucións municipais sobre conservación das obras.
- 5) O retraso en máis de 15 días e non superior a 30, no inicio das obras ou no prazo máximo de execución.
- 6) Infracción comprobada no que respecta á limpeza, mantemento ou conservación das obras e dominio público.

B).- SANCIÓN.

1. As infraccións previstas no presente prego serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de até 1.000 euros.
- b) Pola comisión de infracción grave: multa de 1.001 até 3.000 euros.

2. O importe das contías das sancións referidas na presente condición entenderanse automaticamente revisadas e experimentará as mesmas variacións que o canon, conforme ós incrementos ou diminucións do IPC.

3. A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondene á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

4. As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- a) O grado de culpabilidade do infractor.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.
- e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.

C).- PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Comun das AAPP.

I.- Órgano competente para imposición das sancións.-

1. As sancións por infraccións leves imporanse polo Alcalde.
2. As sancións por infraccións graves imporanse pola Xunta de Goberno Local.

II.-Prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

1. As infraccións graves prescribirán ós dous anos e as leves ós seis meses.
2. As sancións impostas por faltas graves prescribirán ós dous anos, e as impostas por faltas leves ó ano.
3. O prazo de prescripción das infraccións comenará a contarse dende o día no que a infracción se acometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.

4. O prazo de prescripción das sancións comenza a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIII.- RESCATE.

O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento nos seguintes casos:

- Por circunstancias sobrevidas de interese público ou exisencias do planeamento vixente.
- Por resultar edificable a parcela municipal.
- No suposto de que se leve a cabo o derribo ou nova construción da edificación (Colexio Carmelitas) cuia estrutura asentase sobre o antigo muro no que adósa o de contención obxeto da concesión.

O rescate da concesión, en ningún caso dará lugar o resarcimento de danos ou indemnizacións de prexuízos de acordo co art. 80.10 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais

CLÁUSULA XIV.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión extinguirase:

- a) Polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada, ou denuncia da prórroga.
- b) Incuprimento dos fins os que foi concedida.
- c) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
- d) Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.
- e) Polo rescate acordado pola Administración.

CLÁUSULA XV.- REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS.

1.- Ó vencemento da concesión o concesionario deberá deixar os terreos a libre disposición do Concello de Vigo, en condicións de perfecto uso conforme o seu estado e ser primitivo, demolendo á súa custa as obras, e conservando o espazo libre de uso público sobre a mesma.

2.- O Concello poderá optar pola reversión gratuita, libre de cargas e gravames, e sen dereito a indemnización ou contraprestación ningunha, das obras en perfecto estado de conservación, debendo comunicarllo ó concesionario cunha antelación de tres meses a data de extinción da concesión

Da recepción pola Corporación Municipal dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta reseñárase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose os deterioros que presenten. Se existisen deterioros, a acta servirá de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, que se esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.- Estabéllese como prazo máximo para o desaloxamento do dominio público a que se refire nos precedentes apartados, o de quince días hábiles desde a data de vencemento da concesión, ou dun mes se conleva a demolición da obra.

CLÁUSULA XVI.- TRIBUNAIS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xordan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

CLÁUSULA XVII.- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.

9(670).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO 30/06/17, DE CONSTITUCIÓN DO COMITÉ DE COORDINACIÓN DE POLÍTICAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE GRANDES PROXECTOS. EXPTE. 180/1102

Dáse conta da seguinte Resolución do 30/06/17, da Alcaldía-Presidencia:

"A planificación, deseño e execución das políticas municipais cobra cada vez maior importancia en termos de calidade na xestión dos servizos públicos, tanto dende o punto de vista da racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, como respecto á planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas, a eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, e a economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios utilizados para o cumprimento dos fins institucionais e, en consecuencia, esixindo a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a cooperación, colaboración e coordinación entre as distintas áreas nas que se estrutura o goberno e administración municipal.

Neste senso, tense detectado a especial relevancia das políticas públicas en materia de grandes proxectos, cada vez cunha maior proxección tanto a nivel municipal, tanto polas condicións de carácter territorial, económico e social, como polo seu impacto estratéxico no desenvolvemento da actividade económica e industrial, e do modelo de cidade, dende un punto de vista de sustentabilidade. De ahí que, polas súas propias características, requiren

que o deseño das mesmas sexa coordinado con aquelas áreas da estrutura municipal que resulten máis implicadas na toma de decisións e na súa execución, para garantir un deseño urbano coherente e aliñado coa aposta pola smart city, pero tamén coa mellora continua da prestación dos servizos públicos, que se constitúe, polo tanto, nunha prioridade municipal.

Examinada a organización municipal e a estruturación do goberno en distintas áreas comprometidas co modelo de desenvolvemento, resulta acaído impulsar a coordinación do conxunto das áreas de goberno e administración con maior impacto neste campo, a través da constitución dun Comité de coordinación da xestión do ámbito material de grandes proxectos en aras dunha maior axilidade e simplificación procedimental respondendo ao novo marco de funcionamento e actuación establecido pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, para o que resulta acaído a creación dun Comité de Coordinación que se converta no instrumento que, con carácter previo, a adopción das decisións de xestión que lle corresponden ás Concellerías afectadas, en execución da potestade de autoorganización municipal recoñecida pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, poida garantir a mellor execución das políticas públicas.

En canto á composición do dito Comité, e vistas a estruturas por áreas municipais fixadas en Resolución de data 19 de xuño de 2015 por esta Alcaldía e posteriores modificacións, aconsellaría a integración no mesmo do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, dada a transversalidade da materia, pola súa natureza e contido, máxime dende a óptica da súa definición na citada Resolución polo seu carácter estratéxico e atribucións en relación coa consecución dos obxectivos previstos nos Plans de Investimentos ou Estratéxicos, e, precisamente, en razón a dita competencia exercería as funcións de Presidencia do Comité.

Xunto co mesmo, integraranse a Concellería Delegada da Área de Seguridade e Mobilidade, dada a natureza das súas funcións dende o punto de vista de garantir as comunicacións, como dende a conexión natural cos grandes proxectos polo seu ámbito material, sen afectar ás condicións de mobilidade dos veciños. No Comité integrarase tamén, a Concellería Delegada da Área de Transporte e Proxectos Estatais e Europeos, que xa pola súa propia denominación apunta á necesidade de formar parte do proceso de definición das liñas estratéxicas, pero tamén de contribuír a unha mellor ordenación e axuste de todos os proxectos municipais nunha mesma dirección. Así mesmo é necesaria a participación da Concellería Delegada de Urbanismo, dado o seu protagonismo na planificación, deseño e execución das políticas municipais, e a relevancia no deseño do modelo de cidade e pola conveniencia de aliñar as estratexias e a planificación conxunta das actividades, razón pola que tamén se integrará no Comité o Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Polo tanto e, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

RESOLVO:

Primeiro.- Constituír o Comité de Coordinación de Políticas Públicas en materia de Grandes Proxectos do Concello de Vigo, a efectos de promover, impulsar e coordinar esta área de

xestión municipal como prioridade na delimitación da dirección política, no marco da potestade de autoorganización.

Segundo.- Para garantir a eficacia e axilidade no desenvolvemento das políticas e a transversalidade no seu funcionamento, na súa composición integraranse:

- A Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, **D^a M^a José Caride Estévez.**
- O Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, **D. Carlos López Font.**
- O Concelleiro Delegado da Área de Transporte e Proxectos Estatais e Europeos, **D^a. Ángeles Marra Domínguez.**
- O Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, **D. Carlos Hernández Figueruelo.**
- O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, **D. David Regades Fernández, quen actuará como Presidente do Comité.**

Terceiro.- Dispoñer que o Comité de Coordinación de Políticas Públicas Municipais en materia de Grandes Proxectos, desenvolverá unicamente as facultades de informe, a efectos da emisión de ditame previo, naqueles supostos nos que sexa requirido a tal fin pola Presidencia, para os actos de xestión derivados do exercicio das competencias que, en materia de Grandes Proxectos se exerzan polas respectivas Concellerías Delegadas en aplicación do establecido na Resolución da Alcaldía de delegación de competencias de 19 de xuño de 2015 e modificacións posteriores e dos Acordos de delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local, do 19 de xuño e modificacións posteriores.

Para o exercicio das súas funcións o Comité disporá do apoio técnico e administrativo do persoal adscrito aos Servizos Administrativos afectados no que poida resultar necesario, debendo este asesorar, cando así lle fose requirido, ao Comité ou ao seu Presidente.

Cuarto.- O Comité non terá a condición de órgano colexiado e carecerá de competencias decisorias, das que en todo caso son titulares os correspondentes órganos municipais segundo o contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e réxime de delegacións vixentes no Concello de Vigo.

Quinto.- O Comité reunirse coa periodicidade que se estableza pola Presidencia do mesmo, sen prexuízo das reunións que, pola inmediatez e urxencia dos asuntos a tratar así o requirisen, e da súa comunicación por medios electrónicos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, así como aos responsables administrativos dos Servizos municipais afectados e á Xunta de Goberno Local, para o seu coñecemento e efectos, así como a súa publicación no Portal da Transparencia, conforme ao disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

10(671).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PREVIA PARA TRANSMISIÓN DUNHA PRAZA DE APARCAMENTO NO APARCADOIRO DA RÚA POLICARPO SANZ. EXPTE. 1495/449.

Visto o informe de fiscalización, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, conformado pola concelleira-delegada de área:

Na data 21 de abril de 2017 D. José Antonio Fernández Fernández en nome e representación de CUQUISA S.A. (representación que acredita mediante escritura de poder de data 21 de marzo de 2017) manifesta que :

CUQUISA SA e cesionaria do dereito real administrativo de uso e desfrute da praza de aparcadoiro cedida polo concesionario Eloymar Tranvías UTE, identificada co nº 2008 con superficie de 12,50 metros cadrados no aparcadoiro subterráneo da rúa Policarpo Sanz .

CUQUISA SA e propietaria da vivenda sita na rúa Policarpo Sanz nº1 -4 J, segundo acredita mediante copia de titulo de propiedade .

CUQUISA SA formalizara contrato de compravenda de dita vivenda con D^a Jesusa González Casal .

E de conformidade co disposto no prego de cláusulas técnico-administrativas que rexe o concurso **solicita autorización previa para a transmisión do dereito real de uso e desfrute** da mencionada praza de aparcamento a favor de D^a Jesusa González Casal solicitude asinada pola futura titular da vivenda e do dereito de uso da praza de aparcamento.

ANTECEDENTES :

Na sesión da Xunta de Goberno local de data 21 de maio de 2007 foi adxudicada a unión temporal de empresas formada por Eloymar, S.A. e Tranvías eléctricos de Vigo S.A. o lote 1 do concurso para a xestión do servizo publico mediante concesión para a construción e posterior xestión de tres aparcadoiros públicos para vehículos automóbiles nas rúas Areal , Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz .

A concesión rexese polo prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo publico de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006.

A Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2008 acordou aprobar as bases para a presentación do solicitudes para optar as prazas de residentes nos aparcadoiros das rúas Areal , Policarpo Sanz , Pintor Colmeiro (lote 1) , Rosalía de Castro , Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (lote 2)

Ante a escasa demanda das prazas as mercantís concesionarias Eloymar Tranvías UTE e Cocheras Olivicas de Puentes S.A. solicitaron a modificación das bases .

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2009 se modificou o Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo publico de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade nos artigos 89 a 99, e aprobáronse unhas novas bases para a presentación do solicitudes para optar as prazas de residentes nos aparcadoiros das rúas Areal , Policarpo Sanz , Pintor Colmeiro (lote 1) , Rosalía de Castro , Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (lote 2)

INFORME :

Examinado o presente expediente comprobouse que:

Cuquisa S.A. solicita autorización previa para a transmisión do dereito real de uso e desfrute dunha praza de aparcamento do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz identificada con numero 2008 cunha superficie de 12,50 m², a favor de D^a Jesusa González Casal, a cal

formalizara contrato de compravenda do numero 1-51 apartamento J duplex situado en planta cuarta do edificio el Moderno situado no numero 1 da rúa Policarpo Sanz.

Así mesmo aportan escritura de compravenda con numero dos mil trescentos vinte e oito do notario José María Rueda Pérez pola que Cuquisa S.A. adquire a propiedade do apartamento J duplex en planta cuarta do “edificio el Moderno” situado no numero 1 da rúa Policarpo Sanz na data 26 de outubro de 2005.

Na data 27 de decembro de 2010 entre Eloyamar-Tranvias Ute e Cuquisa S.A firmouse un contrato de cesión do dereito real administrativo especial de uso e desfrute dunha praza no aparcadoiro de Policarpo Sanz identificada co numero 2008 cunha superficie de 12,50 m2 . E D^a Jesusa González Casal e titular dun vehículo matricula 0894JTX.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.-De conformidade co disposto no artigo 99 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas citado nos antecedentes, modificado por Acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de maio de 2009, así como na base Decima das bases para a presentación do solicitudes para optar as prazas de residentes nos aparcadoiros das rúas Areal , Policarpo Sanz , Pintor Colmeiro (lote 1) , Rosalía de Castro , Jenaro de la Fuente e avenida de Castelaio (lote 2) :

O titular do dereito de uso que desexe transmitilo debera solicitalo ao Concello : este informara dita solicitude e dará traslado o concesionario para que a xestione de conformidade co sinalado no prego.

A transmisión voluntaria do dereito de uso pode efectuarse entre non familiares no caso de transmisión de vivenda situada na area de influencia do aparcadoiro caso no que se poderá transmitir a praza ao adquirente da vivenda

Engádesse na citada base que o prezo de transmisión será fixado polo Concello .

Segundo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de Contratos do sector publico aprobado por decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

Polo exposto y considerando que a solicitude formulada reúne os requisitos para a súa autorización por solicitarse a cesión de uso xunto coa transmisión da vivenda, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO :

PRIMEIRO.-Autorizar a Cuquisa SA a transmisión do dereito real administrativo de uso e desfrute da praza de aparcamento da que e titular dende o 27 de decembro de 2010 identificada co numero 2008 e con unha superficie de 12,50 m² situada no aparcadoiro de Policarpo Sanz, a favor de D^a Jesusa González Casal por ir unida a compravenda da vivenda: apartamento J, duplex situado na planta cuarta do edificio “ el moderno” situado no numero 1 da rúa Policarpo Sanz propiedade así mesmo da solicitante da transmisión e sempre e cando se realice a compravenda da citada vivenda.

O prezo máximo da transmisión do dereito de uso será o ofertado polo licitador, actualizado de conformidade coa formula que figura na base 10 das bases para a presentación do solicitudes para optar as prazas de residentes nos aparcadoiros das rúas Areal , Policarpo Sanz , Pintor Colmeiro (lote 1) , Rosalía de Castro , Jenaro de la Fuente e avenida de Castelaio (lote 2) aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2009.

SEGUNDO.- Dar traslado o concesionario Eloymar, S.A. Tranvías UTE para que a xestione de conformidade co sinalado no prego de condicións que rexe a concesión."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

11(672).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN, NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE ACCESIBILIDADE AO BAÑO, PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DOUS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 142108/301.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta do 04/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 4 de xullo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo (expediente 142.108-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo na seguinte orde descendente:

1.- EMSEBUR, SL..

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(673).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez